

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**8560** *Orde ESS/1490/2013, do 29 de xullo, pola que se regula o taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal e se crea o ficheiro de datos de carácter persoal do taboleiro de edictos.*

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece no seu artigo 45.1 o mandado para as administracións públicas de impulsaren o emprego e a aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, coas limitacións que para a utilización destes medios se establecen na Constitución e nas leis.

Pola súa vez, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, consagra a relación coas administracións públicas por medios electrónicos como un dereito dos cidadáns e como unha obrigação correlativa para tales administracións, e no seu artigo 12 dispón que a publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, se deban publicar nun taboleiro de anuncios ou edictos, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación na sede electrónica do organismo correspondente.

Neste contexto, a disposición adicional terceira do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego da mocidade, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, regula o réxime de notificacións por medios electrónicos no ámbito de xestión do Servizo Público de Emprego Estatal e crea o taboleiro de edictos do citado organismo.

En concreto, no seu número 3, para o caso de que as notificacións de actos e comunicacións, tanto en materia de protección por desemprego como nas restantes áreas de xestión do organismo, incluídos os procedementos sancionadores, non se teñan podido realizar no domicilio do interesado, de dárense os supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, prevese practicalas exclusivamente por medio do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, o cal se encontrará na súa sede electrónica.

A notificación a través do citado taboleiro será única, de maneira que todas as notificacións a que dean lugar os actos que se produzan nas distintas áreas de xestión do organismo, incluídos os procedementos sancionadores, no caso de que non puidesen ser notificadas ao interesado no seu domicilio ou en sede electrónica para os supostos a que se refire o número 1 da citada disposición adicional terceira do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, terán que se publicar nel e substituirá a notificación mediante edictos que actualmente se leva a cabo por medio de anuncios no taboleiro de edictos do concello, no «Boletín Oficial del Estado», da comunidade autónoma ou da provincia, conforme o disposto no citado artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Nesa liña, a Resolución do 19 de setembro de 2011, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se crea a nova sede electrónica do organismo, prevé a inclusión, entre os seus contidos mínimos, do taboleiro de anuncios electrónico, no cal se publicarán, cando for o caso, os actos e comunicacións que deben publicarse no taboleiro de anuncios ou edictos convencional, indicando o seu carácter substitutivo ou complementario.

O obxectivo principal desta orde é dar cumprimento ao mandado legal establecendo a xestión, o funcionamento e a publicación de contidos no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, con pleno sometemento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e conforme os

requisitos exixidos pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, e dotándoo de plena autenticidade e validez xurídica.

Do seu contido pódese salientar o carácter universal e gratuito da súa consulta, mediante a súa accesibilidade tanto a través da internet como nas oficinas de prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal, de maneira que ningún cidadán se poida sentir discriminado polo feito de non dispor dos medios electrónicos necesarios.

Esta orde tamén ten como obxectivo lograr un aforro nos custos humanos e materiais do Servizo Público de Emprego Estatal xa que, ao automatizar o proceso de notificación, se reducen as cargas de traballo e se evitan os custos de publicación nos taboleiros de edictos dos concellos e nos boletíns oficiais das comunidades autónomas ou das provincias.

Por outra parte, en relación co tratamento dos datos persoais e segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, procédese tamén nesta orde á creación dun ficheiro de datos de carácter persoal asociado ao taboleiro de edictos, cuxo responsable é a Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

A presente orde foi sometida ao informe da Comisión Ministerial de Administración Electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, conforme o disposto no artigo 2.1.f) e g) da Orde TIN/3155/2011, do 8 de novembro, pola que se regulan a composición e funcións da citada comisión.

Así mesmo, obtivo o informe da Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 5.b) do Estatuto da citada axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Por último, no proceso de elaboración tamén foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas para o efecto pola disposición adicional terceira do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto regular o taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, incluído na súa sede electrónica, como medio oficial de publicación, a través de edictos, das notificacións dos actos administrativos e comunicacións ditados no seu ámbito de xestión, nos seguintes supostos:

- a) Cando os interesados no procedemento sexan descoñecidos.
- b) Cando se ignore o lugar da notificación ou o medio por que se debe practicar.
- c) Cando se tentou a notificación na sede electrónica do Servizo Público de Emprego Estatal ou no domicilio dos interesados e non se puido practicar.

2. A publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal terá a consideración de oficial e auténtica, consoante as normas e condicións que se establecen nesta orde.

## Artigo 2. *Ámbito subxectivo.*

Para efectos desta orde, publicaranse no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, nos supostos previstos no artigo 1.1, os actos administrativos e comunicacións emitidos pola Dirección Xeral, as subdireccións xerais e as direccións provinciais do Servizo Público de Emprego Estatal, de acordo co Real decreto 1383/2008, do 1 de agosto, polo que se aproba a estrutura orgánica e de participación institucional do Servizo Público de Emprego Estatal.

*Artigo 3. Características do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal.*

1. O taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal será único para todo o organismo, terá formato dixital e axustarase ás especificacións que se establecen nesta orde, ben como ás condicións establecidas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O taboleiro estará accesible as 24 horas do día e de forma gratuíta na sede electrónica do Servizo Público de Emprego Estatal, nos termos que se indican no artigo 11 salvo que resulte imposible por razóns técnicas, caso en que se deberá informar disto aos usuarios coa máxima anticipación posible na sede electrónica e na páxina web do organismo.

3. A publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal respectará os principios de accesibilidade e facilidade de uso, de acordo coas normas establecidas ao respecto, e utilizará estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns, cunha constante adaptación ao progreso tecnolóxico.

En particular, terá as condicións de accesibilidade que faciliten a súa consulta ás persoas con discapacidade ou de idade avanzada, conforme o establecido no Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, aprobado polo Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro.

*Artigo 4. Garantías do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal.*

A Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e Comunicacions do Servizo Público de Emprego Estatal será responsable de:

a) Garantir a dispoñibilidade do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, ben como a autenticidade e integridade do contido que nel se publique mediante o emprego do selo electrónico do organismo, regulado na Resolución do 8 de novembro de 2011, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se crea o selo electrónico do organismo.

b) Velar para que reúna as condicións de accesibilidade necesarias para a súa consulta polas persoas con discapacidade ou de idade avanzada e a súa permanente adaptación ao progreso tecnolóxico.

c) Publicar na sede electrónica do Servizo Público de Emprego Estatal as prácticas e procedementos necesarios para a efectividade do previsto neste artigo.

d) Garantir a prestación do servizo de selaxe de data e hora que permita a constatación da data e hora de publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal dos edictos, para a súa oportuna acreditación posterior.

e) Garantir, mediante o emprego dos medios técnicos adecuados, a xeración do código seguro de verificación que garanta a autenticidade do acto ou resolución publicados.

*Artigo 5. Características dos edictos.*

1. No encabezamento de cada edicto figurará:

O escudo de España.

A denominación «taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal».

O logotipo do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, que será «TESEPE».

O número de páxinas.

A data de publicación.

2. En cada edicto figurará, ademais, a identificación do órgano que o emite e ordena a súa publicación, de acordo co establecido no artigo 6.1.

3. Os edictos conterán tamén unha representación do selo electrónico realizada con motivo da súa publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, que será visible tanto en formato electrónico como en papel e que incluírá, ao menos, a identificación do órgano asinante e a data en que se produciu tal publicación.

4. A data de publicación de cada edicto que se publique será a que figura no encabezamento e en cada unha das páxinas do edicto que se insira.

5. Todos os edictos figurarán numerados de maneira correlativa por cada órgano do Servizo Público de Emprego Estatal que solicita a publicación e ano.

#### Artigo 6. *Competencias na publicación de edictos.*

1. A Dirección Xeral, as subdireccións xerais e as direccións provinciais do Servizo Público de Emprego Estatal que, de conformidade coas súas respectivas competencias, estean lexitimadas para emitiren os edictos a que se refire o artigo 1.1 serán os órganos competentes para ordenar a súa publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. A publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal dos edictos a que se refire o artigo 1.1 corresponderá á Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e Comunicacions do Servizo Público de Emprego Estatal.

#### Artigo 7. *Prazo de publicación dos edictos.*

1. Os edictos manteranse publicados no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal durante un prazo de vinte días naturais.

Para efectos do cómputo de tal prazo, a data de publicación será a que apareza no edicto e descrita no artigo 5.4.

2. A sincronización da data e a hora, para efectos do cómputo dos prazos que corresponda, será realizada conforme o previsto no artigo 15 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

3. Se durante o prazo de publicación do edicto o taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal estiver inaccesible aos cidadáns por razóns técnicas do propio taboleiro, o citado prazo prorrogarase automaticamente por un prazo igual ao dos días que estivo inaccesible. Para estes efectos só se considerará que o taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal estivo inaccesible se o problema técnico se mantivo durante días completos.

#### Artigo 8. *Efectos da publicación de edictos.*

A publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal dos edictos correspondentes a notificacións dos actos administrativos e comunicacións ditados no ámbito de xestión do Servizo Público de Emprego Estatal, nos supostos a que se refire o artigo 1.1, producirá efectos de notificación aos interesados sen que sexa necesaria a súa publicación en ningún outro taboleiro de edictos ou boletín oficial.

Nestes casos, transcorridos vinte días naturais desde a publicación do edicto no taboleiro, entenderase que a notificación foi practicada, co que se dará por cumprido o dito trámite e continuarase o procedemento, sen prexuízo de que o edicto permaneza accesible no taboleiro durante o prazo sinalado no artigo seguinte.

Así mesmo, finalizado o prazo de vinte días naturais de publicación, iniciarase o cómputo dos prazos para a interposición das reclamacións e recursos que procedan.

#### Artigo 9. *Prazo de exposición dos edictos.*

1. Finalizado o prazo de publicación de vinte días naturais establecido no artigo 7.1, o edicto permanecerá accesible durante tres meses, para a súa consulta, no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. Unha vez transcorrido este prazo, unicamente se facilitará a información contida no edicto ao propio interesado ou ao seu representante, ao Defensor do Pobo, aos xuíces e tribunais, ao Ministerio Fiscal e á Axencia Estatal de Administración Tributaria ou órganos equivalentes da Administración autonómica e local.

*Artigo 10. Comprobante de publicación.*

Unha vez finalizado o prazo de publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, en caso de que sexa requirido por calquera dos suxeitos indicados no artigo anterior, emitirase un comprobante da publicación asinado electronicamente que se gardará no correspondente expediente e no cal figurará o número de edicto, o tipo de procedemento notificado, o nome e apelidos e o DNI/NIE/NIF do interesado, e as datas en que permaneceu exposto en estado vixente. O comprobante poderá ser emitido polas oficinas de prestacións e as direccións provinciais do Servizo Público de Emprego Estatal.

*Artigo 11. Acceso dos cidadáns ao taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal.*

1. O acceso dos cidadáns ao taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal estará debidamente identificado na sede electrónica deste organismo, contará con toda a información necesaria para que poida realizarse de forma sinxela e non precisará de autenticación ningunha.

A localización dos edictos publicados no taboleiro de edictos para os cales conclúise o prazo de publicación, así como a súa recuperación e impresión, efectuarase mediante un sistema de procura avanzado que contará cos mecanismos necesarios para evitar a indexación e recuperación automática de publicacións a través de motores de procura desde a internet.

2. Cando por medio de edictos se publiquen notificacións que conteñan sancións administrativas, a información obtida como consecuencia da súa consulta no taboleiro de edictos unicamente poderá ser conservada e almacenada polo Servizo Público de Emprego Estatal, polo propio interesado ou pola persoa que este tiver autorizado e polas administracións públicas que por lei o teñan autorizado, e nos restantes casos resulta contraria ao disposto no artigo 7.5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. En todas as oficinas de prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal habilitaranse os recursos para permitir e facilitar a asistencia para a consulta pública e gratuíta do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal.

*Disposición adicional primeira. Protección de datos de carácter persoal.*

1. O funcionamento, a xestión e a publicación de contidos no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal serán realizados conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, ben como no resto da normativa que lle for de aplicación.

2. Para efectos do disposto na citada normativa, a Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal terá a condición de responsable do ficheiro de datos de carácter persoal correspondente ao dito taboleiro.

Cada un dos órganos a que se refire o artigo 2 terá a condición de responsable do tratamento dos datos correspondentes a anuncios cuxa publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal sexa ordenada por eles.

*Disposición adicional segunda. Creación do ficheiro de datos de carácter persoal.*

Créase o ficheiro de datos de carácter persoal denominado taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, nos termos e condicións fixados na Lei orgánica

15/1999, do 13 de decembro, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, coas seguintes características:

- a) Finalidade do ficheiro: xestión do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal.
- b) Usos previstos: xestión da publicación, por medio de edictos, das notificacións dos actos administrativos e comunicacións no ámbito de xestión do Servizo Público de Emprego Estatal.
- c) Persoas ou colectivos dos cales se obteñen os datos ou que resulten obrigados a dalos: interesados que se notifican mediante edictos.
- d) Procedemento de recolla dos datos: aplicacións informáticas establecidas con tal finalidade.
- e) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos datos recollidos: contén os datos dos interesados notificados mediante os edictos, nome e apelidos ou razón social, código de conta de cotización, número da Seguridade Social, DNI, NIE ou NIF, ben como o resto dos datos de tales edictos.
- f) Sistema de tratamento: automatizado.
- g) Cesións de datos previstas: conforme o previsto nesta orde, os edictos permanecerán accesibles a terceiros durante o prazo de tres meses; transcorrido este prazo, unicamente se poderán comunicar eses datos ao Defensor do Pobo, aos xuíces e tribunais, ao Ministerio Fiscal e á Axencia Estatal de Administración Tributaria ou órganos equivalentes da Administración autonómica e local.
- h) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: non se prevén.
- i) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.
- j) Órgano ante o cal se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, Calle Condesa de Venadito, 9, 28027 Madrid.
- k) Medidas de seguranza: nivel medio.

Disposición adicional terceira. *Implantación do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal.*

A implantación efectiva da publicación no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal dos edictos correspondentes ás notificacións dos actos administrativos e comunicacións emitidos pola Dirección Xeral, as subdireccións xerais e as direccións provinciais do Servizo Público de Emprego Estatal, nos supostos a que se refire o artigo 1.1, terá lugar nun prazo non superior a un mes desde a entrada en vigor desta orde.

Disposición adicional cuarta. *Compatibilidade co taboleiro de edictos das administracións públicas.*

As características do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal serán compatibles coas que se establezan para o taboleiro de edictos das administracións públicas proposto pola Comisión para a Reforma das Administracións Públicas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1 da Constitución, nos seus números 7 e 17, que atribúen ao Estado a competencia sobre lexislación laboral e sobre lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor no prazo dun mes desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de xullo de 2013.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.